

ACENTUACIÓN 1

1. Localiza neste texto dez palabras tónicas e subliña nelas a sílaba tónica. A seguir, clasifícaa en agudas, graves e esdrúxulas.

As beiras do Volga, salpicadas polo ronsel do buque, coroábanse con numerosas bandadas de parrulos salvaxes que foran escorrentados lanzando berros enxordecedores. Un pouco máis lonxe sobre aquelas secas chairas bordeadas de ameneiros, salgueiros e tileiros, espárexíanse algunhas vacas de cor rubia escura, rabaños de ovellas de la parda e mandas de porcos brancos e negros.

Xulio Verne: *Miguel Strogoff*.

2. Marca o acento gráfico nos vocábulos embaixo e xustifica por que se acentúan ou non.

ademaís	Anxela	avion	tonel	esta	tipico
alguen	voz	atico	cafe	ductil	Gomez
textil	levaron	responsabel	estoxo	canons	vater
tempera	num.	duplex	tenazmente	responsabeis	pon
cortes	biceps	Caucaso	si	fixerono	Infantis

3. Acentúa as palabras compostas cando for necesario.

decimo oitavo	lobishome	maquina de escribir	lucecu	paraugas
Riotorto	historico-politico	lexico-semantic	franco-provenzal	autobus
caracol	baloman	porco teixo	botafumeiro	branquiazul
automobil	mediodia	arco da vella	galego-portugues	augamar

4. Os seguintes termos son estranxeirismos ou latinismos. Acentúaos cando corresponda e procura o significado das palabras descoñecidas no dicionario.

album	radar	lider	parkinson	olimpiada
bumerang	chofer	beisbol	relax	pizza
tabu	habitat	boicot	samurai	quimono
software	gangster	chandal	penalti	triatlon

5. Revisa a acentuación nestes enunciados.

- Quen e ese rapaz de aí? Quero sabelo porque este xa sei quen é.
- Deixate de lerías e dame unha explicación convincente.
- Dime que me queres porque, se non, marchó xa.
- Guillermo propuxónos unha magnífica idea. Que vos parece?
- Aínda non sabes canto lle custou.
-

6. Escribe un enunciado para cada par de vocábulos.

agora-ágora	campa-campá	cantara-cantará	país-país
-------------	-------------	-----------------	-----------

7. Acentúa as seguintes palabras.

sonar	atmosfera	parasito	alveolo	cardíaco
neón	acné	fluor	medula	misil